

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

17465 *Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, o Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocarburantes para efectos do seu cómputo.*

A disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, que son obxectivos obrigatorios a partir de 2009 e habilita o Goberno para modificar os obxectivos establecidos, así como para establecer obxectivos adicionais. Así mesmo, habilita o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para regular un mecanismo de fomento da incorporación de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.

A Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, dispón na letra e) do artigo 7.3, que regula as condicións xerais que deben cumprir os biocarburantes para a súa certificación, que se deberá ter acreditado a sustentabilidade do biocarburante nos termos que se establezan, tendo en conta a calidade, a orixe das materias primas e a avaliación ambiental dos cultivos.

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, define criterios de sustentabilidade para os biocarburantes e biolíquidos, relativos á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e á protección de terras de elevado valor en canto á biodiversidade ou terras con elevadas reservas de carbono.

Esta directiva recoñece que, ben que o fomento dos biocarburantes e biolíquidos contribuirá ao crecemento da demanda de materias primas agrícolas e, por tanto, a un aumento neto da superficie cultivada, cómpre adoptar medidas de acompañamento para o sector agrícola que fomenten unha maior taxa de produtividade de terras degradadas e garantan un correcto uso do solo.

A Directiva 2009/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 98/70/CE en relación coas especificacións da gasolina, do diésel e do gasóleo, se introduce un mecanismo para controlar e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, se modifica a Directiva 1999/32/CE do Consello, en relación coas especificacións do combustible utilizado polos buques de navegación interior e se derroga a Directiva 93/12/CEE, establece os mesmos criterios de sustentabilidade para os biocarburantes.

Segundo as citadas directivas, a enerxía procedente de biocarburantes e biolíquidos terase en conta para avaliar o cumprimento dos requisitos relacionados cos obxectivos nacionais, avaliar o cumprimento das obrigas de utilizar enerxías renovables e determinar a posibilidade de optar a unha axuda financeira ao consumo, soamente se cumpren os criterios de sustentabilidade.

Segundo o previsto nos artigos 18 e 7 quáter das citadas directivas 2009/28/CE e 2009/30/CE, respectivamente, os axentes económicos, que deben demostrar aos Estados membros que cumpriron os criterios de sustentabilidade, poderano facer por tres posibles vías: subministrando datos á autoridade nacional competente conforme os requisitos que establece o Estado membro no seu sistema nacional de verificación, utilizando un sistema voluntario recoñecido pola Comisión Europea para este fin ou acolléndose ás condicións dun acordo bilateral ou multilateral celebrado pola Unión Europea con países terceiros e recoñecido para tal efecto pola Comisión.

A Directiva 2009/28/CE, do 23 de abril, sinala nos seus considerandos que a crecente demanda de biocarburantes e biolíquidos e os incentivos para o seu uso previstos nela non deben ter como efecto alentar a destrución de áreas ricas en biodiversidade. Por iso, cómpre prever criterios de sustentabilidade que garantan que os biocarburantes e biolíquidos só se poidan beneficiar dos incentivos cando se poida asegurar o seu cumprimento.

Por medio deste real decreto traspóñense os artigos 17, 18, 19 e 20 e o anexo V da Directiva 2009/28/CE e os artigos 7 ter, 7 quáter, 7 quinquies e 7 sexies e o anexo IV da Directiva 98/70/CE, introducidos pola Directiva 2009/30/CE, relativos aos criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, en que se establece o sistema nacional de verificación do cumprimento dos citados criterios. Así mesmo, incorpórase ao ordenamento xurídico español o previsto no artigo 21 da Directiva 2009/28/CE en relación co valor dobre que se outorga a determinados biocarburantes para o cumprimento dos obxectivos obrigatorios en materia de enerxías procedentes de fontes renovables no transporte.

Realízouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas alegacións se tiveron en conta para elaborar o informe 28/2011, da Comisión Nacional de Enerxía, do 22 de setembro de 2011. Ademais, este real decreto someteuse ao Consello Asesor do Medio Ambiente e ao trámite de participación pública de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE), e ao informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

O artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución atribúelle ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético. Este real decreto ampárase neses títulos competenciais, así como na disposición derradeira segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que habilita o Goberno, no ámbito das súas competencias, para aprobar mediante real decreto as normas de desenvolvemento da dita lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente real decreto:

- a) A regulación dos criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos establecidos na normativa comunitaria.
- b) O establecemento do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos.
- c) A configuración do valor dobre de determinados biocarburantes, para o cumprimento dos obxectivos obrigatorios en materia de enerxías procedentes de fontes renovables no transporte e a obriga de utilizar enerxías renovables.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do establecido neste real decreto, entenderase por:

1. Biomasa: a fracción biodegradable dos produtos, refugallo e residuos de orixe biolóxica procedentes de actividades agrarias (incluídas as substancias de orixe vexetal e de orixe animal), da silvicultura e das industrias conexas, incluídas a pesca e a acuicultura, así como a fracción biodegradable dos residuos industriais e municipais.

2. Biocombustible: un combustible líquido ou gasoso utilizado para o transporte, producido a partir da biomasa.

3. Biolíquido: un combustible líquido destinado a usos enerxéticos distintos do transporte, incluídas a electricidade e a produción de calor e frío, producido a partir da biomasa.

4. Valor real: a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nalgúns ou en todas as fases dun proceso de produción específico de biocombustible calculada segundo os métodos establecidos na parte C do anexo I deste real decreto.

5. Valor típico: a estimación da redución das emisións representativas de gases de efecto invernadoiro nun proceso particular de produción de biocombustible. Estes valores non poden ser utilizados polos axentes económicos. Só poden ser utilizados polo Goberno de España nos informes presentados á Comisión Europea.

6. Valor por defecto: o valor derivado dun valor típico mediante a aplicación de factores predeterminados e que, nas circunstancias especificadas neste real decreto, se pode utilizar en lugar dun valor real.

7. Emisións de gases de efecto invernadoiro durante o ciclo de vida: todas as emisións netas de CO₂, CH₄ e N₂O que se poidan atribuír ao combustible (incluídos todos os seus compoñentes mesturados) ou á enerxía subministrada. Inclúense todas as etapas pertinentes desde a extracción ou o cultivo, incluídos os cambios de uso do solo, o transporte e a distribución, a produción e a combustión, con independencia do lugar onde se producen as emisións.

8. Emisións de gases de efecto invernadoiro por unidade de enerxía: a masa total de emisións de gases de efecto invernadoiro en equivalentes de CO₂ asociada ao combustible ou á enerxía subministrada, dividida polo contido total de enerxía do combustible ou da enerxía subministrada (para o combustible, expresado como o seu poder calorífico inferior).

Artigo 3. *Finalidade da verificación da sustentabilidade.*

1. A enerxía procedente de biocombustibles e biolíquidos terase en conta para os fins recollidos neste punto, unicamente se estes cumpren os criterios de sustentabilidade establecidos no artigo 4, independentemente de que as materias primas utilizadas se cultivasen dentro ou fóra do territorio da Unión Europea:

a) Avaliar o cumprimento dos obxectivos obrigatorios mínimos de consumo e venda de biocombustibles con fins de transporte establecidos no marco do mecanismo de fomento do uso de biocombustibles a que se refire a disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e a súa normativa de desenvolvemento.

b) Avaliar o cumprimento das obrigas ou obxectivos de utilizar enerxías renovables establecidos na normativa nacional e comunitaria.

c) Optar a axudas financeiras polo seu consumo.

d) Avaliar o cumprimento dos obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro durante o ciclo de vida dos combustibles utilizados no transporte (unicamente os biocombustibles).

e) Beneficiarse de axudas aos investimentos ou axudas de funcionamento de conformidade coas directrices comunitarias sobre axudas estatais en favor do ambiente (unicamente os biocombustibles).

f) Aplicar as disposicións relativas aos vehículos que funcionan con combustibles alternativos do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 443/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, polo que se establecen normas de comportamento en materia de emisións dos turismos novos como parte do enfoque integrado da Comunidade

para reducir as emisións de CO₂ dos vehículos lixeiros (unicamente o bioetanol empregado na formulación de mesturas E85).

2. Os biocarburantes e biolíquidos producidos a partir de refugallos e/ou residuos, con excepción dos residuos agrícolas, da acuicultura, pesqueiros e forestais, unicamente deben cumprir os criterios de sustentabilidade previstos no artigo 4.1 para que se teñan en conta para os fins recollidos no punto anterior.

CAPÍTULO II

Criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos

Artigo 4. *Criterios de sustentabilidade.*

1. A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro derivada do uso de biocarburantes e biolíquidos considerados para os fins previstos no artigo 3.1 será dun 35 por cento como mínimo.

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2017, esta redución das emisións de gases de efecto invernadoiro será do 50 por cento como mínimo. A partir do 1 de xaneiro de 2018, esa redución das emisións de gases de efecto invernadoiro será do 60 por cento como mínimo para os biocarburantes e biolíquidos producidos en instalacións cuxa produción comezase a partir do 1 de xaneiro de 2017.

O parágrafo primeiro deste número será aplicable só a partir do 1 de abril de 2013 para aqueles biocarburantes e biolíquidos en cuxa cadea de produción se inclúa ao menos unha instalación de transformación que estivese operativa o 23 de xaneiro de 2008, como máis tarde, sempre que esa instalación non se engadise intencionadamente á cadea de produción, unicamente para beneficiarse desta excepción.

Estas reducións das emisións de gases de efecto invernadoiro derivadas do uso de biocarburantes e biolíquidos calcularanse conforme o disposto no artigo 5 deste real decreto.

2. Para poder ser considerados para os fins previstos no artigo 3.1, os biocarburantes e biolíquidos non se poderán producir a partir de materias primas procedentes de terras de elevado valor en canto a biodiversidade, é dicir, terras que a partir de xaneiro de 2008 pertencen a unha das seguintes categorías, con independencia de que sigan encontrándose na mesma situación:

a) Bosques primarios e outras superficies boscosas de especies nativas, cando non hai signos visibles claros de actividade humana e os procesos ecolóxicos non están perturbados significativamente.

b) As seguintes zonas, a menos que os correspondentes instrumentos de xestión o consideren autorizable:

i. As zonas designadas legal ou regulamentariamente, con fins de protección da natureza.

No caso de materias primas cultivadas en España, terán esta consideración os espazos naturais protexidos previstos nos capítulos II, III e IV do título II da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Tamén terán esta consideración as zonas incluídas no Inventario de Espazos Naturais Protexidos, a Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.

ii. As zonas designadas para a protección das especies ou os ecosistemas raros, ameazados ou en perigo, recoñecidos por acordos internacionais ou incluídos en listas ou catálogos elaborados pola Administración ou por organizacións intergubernamentais ou pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza, coa condición de que estas zonas fosen recoñecidas pola Comisión Europea ou pola Administración nacional.

No caso de materias primas cultivadas en España, terán esta consideración as zonas designadas para a protección das especies, que inclúen as áreas onde estean presentes as especies ameazadas protexidas legalmente conforme o Real decreto 139/2011, do 4

de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas, así como as áreas identificadas nos plans de recuperación para a conservación das especies ameazadas incluídas nos catálogos autonómicos de especies ameazadas.

c) Prados e pasteiros, húmidos ou non, incluído os turbosos, cunha rica biodiversidade, entre os cales se inclúen:

i. Os prados e pasteiros naturais, é dicir, aqueles que o seguirían sendo sen intervención humana e que conservan a composición en especies naturais e as características e procesos ecolóxicos.

ii. Os prados e pasteiros non naturais, é dicir, aqueles que o deixarían de ser sen intervención humana, que son ricos en especies e non están degradados, salvo que se demostre que é necesaria a explotación das materias primas para preservar a súa condición de prados e pasteiros.

Para as materias primas cultivadas no territorio nacional poderase considerar aplicable o recollido no mapa forestal de España.

O parágrafo i desta sublínea c) só será aplicable unha vez que a Comisión Europea ou as autoridades nacionais determinasen os criterios e as áreas xeográficas que permitan identificar estes prados e pasteiros.

3. Para poder ser considerados para os fins previstos no artigo 3.1, os biocombustibles e biolíquidos non se poderán fabricar a partir de materias primas procedentes de terras con elevadas reservas de carbono, é dicir, terras que en xaneiro de 2008 pertencían a algunha das seguintes categorías, pero que xa non se encontran nesa situación.

a) Zonas húmidas, é dicir, terras cubertas de auga ou saturadas por auga permanentemente ou durante unha parte importante do ano, incluídas as de carácter turboso independentemente da súa extensión.

Para as materias primas cultivadas en España, esa información poderase recoller no Inventario español de zonas húmidas.

b) Zonas arborizadas continuas, é dicir, terras cunha extensión superior a unha hectárea, con árbores dunha altura superior a cinco metros e unha cuberta de copas superior ao 30 por cento, ou con árbores que poden alcanzar tales límites *in situ*. Non inclúe as terras que fundamentalmente se destinen a uso urbano ou agrícola, entendéndose por estas últimas as formacións de árbores utilizadas en sistemas de produción agrícola, como as plantacións froiteiras, os palmeirais de palmeiras de aceite e os sistemas agroforestais cando consisten en cultivos baixo árbores.

Para as materias primas cultivadas no territorio nacional poderase considerar aplicable o recollido no mapa forestal de España, tendo en conta o recollido no Inventario de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.

c) Terras cunha extensión superior a unha hectárea, con árbores dunha altura superior a cinco metros e unha cuberta de copas de entre o 10 por cento e o 30 por cento, ou con árbores que poden alcanzar tales límites *in situ*, salvo se se presentan probas de que as reservas de carbono da zona en cuestión antes e despois da conversión son tales que, cando se aplica a metodoloxía prevista na parte C do anexo I deste real decreto, se cumpren as condicións establecidas no número 1 deste artigo.

Para as materias primas cultivadas no territorio nacional poderase considerar aplicable o recollido no mapa forestal de España, tendo en conta o recollido no Inventario de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.

O disposto neste punto non será de aplicación se, no momento de obter as materias primas, as terras pertencían á mesma categoría que en xaneiro de 2008. Para o uso da terra nese ano, en relación coas materias primas cultivadas en España, poderase considerar aplicable o recollido no mapa forestal de España.

4. Para poder ser considerados para os fins previstos no artigo 3.1, os biocarburantes e biolíquidos non poderán provir de materias primas producidas en terras que en xaneiro de 2008 fosen turbeiras, ou calquera tipo de zona húmida con carácter turboso, a non ser que se presenten probas de que o cultivo e a recolección destas materias primas non implican a drenaxe de solos non drenados con anterioridade ou se demostre que en xaneiro de 2008 os solos estaban completamente drenados ou que non se realizou ningunha drenaxe deles desde xaneiro de 2008. Para as materias primas cultivadas no territorio nacional poderase considerar aplicable o recollido no Inventario español de zonas húmidas.

5. As materias primas agrícolas cultivadas na Unión Europea que se utilicen para a produción de biocarburantes e biolíquidos, para poder ser considerados para os fins previstos no artigo 3.1, deberanse obter de conformidade:

a) Cos requisitos e normas previstos nas disposicións a que se refire o título «Ambiente» na parte A e no punto 9 do anexo II do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

b) Os requisitos mínimos das boas condicións agrarias e ambientais definidos conforme o artigo 6.1 do regulamento comunitario citado na sublínea anterior.

Artigo 5. Cálculo do efecto dos biocarburantes e biolíquidos nas emisións de gases de efecto invernadoiro.

1. Para os efectos da consecución do criterio de sustentabilidade establecido no artigo 4.1, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro resultante do uso de biocarburantes e biolíquidos calcularase utilizando:

a) O correspondente valor por defecto, se nas partes A ou B do anexo I se establece un valor por defecto de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro para o proceso de produción, e se o valor del para os biocarburantes ou biolíquidos, calculado de conformidade co punto 7 da parte C do anexo I, é igual ou menor a cero.

b) Un valor real calculado de conformidade coa metodoloxía establecida na parte C do anexo I, para o cal se poderá utilizar a calculadora de emisións de gases de efecto invernadoiro dos biocarburantes do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, que se encontra dispoñible na páxina web www.idae.es.

c) Un valor calculado mediante a suma dos factores da fórmula prevista no punto 1 da parte C do anexo I. Para algúns factores poderanse utilizar, en caso de que sexa posible, os valores por defecto desagregados das partes D ou E do anexo I e para todos os demais factores, valores reais calculados de conformidade co método establecido na parte C do anexo I ou coa calculadora citada no punto anterior.

2. Os valores por defecto da parte A do anexo I, para os biocarburantes, e os valores por defecto desagregados para o cultivo da parte D do anexo I, para os biocarburantes e biolíquidos, poderanse utilizar unicamente se as súas materias primas:

a) Se cultivan fóra de Unión Europea.

b) Se cultivan en zonas da Unión Europea clasificadas no nivel 2 da nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas (NUTS) ou nun nivel de NUTS máis desagregado de conformidade co Regulamento CE n.º 1059/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, polo que se establece unha nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas, nas cales cabe esperar que as emisións típicas de gases de efecto invernadoiro procedentes do cultivo de materias primas agrícolas sexan inferiores ou equivalentes ás emisións contidas na táboa titulada «Valores por defecto desagregados para o cultivo» da parte D do anexo I do presente real decreto, sempre que esas zonas figuren nos informes remitidos polos Estados membros á Comisión Europea para lle notificar tal circunstancia.

c) Son refugallos ou residuos distintos dos residuos agrícolas, da acuicultura e da pesca.

No caso dos biocarburantes e biolíquidos non recollidos nas letras a), b) ou c) deste punto, utilizaranse os valores reais para o cultivo, sen prexuízo do previsto no número 3 deste artigo.

3. Como alternativa aos valores reais das emisións na etapa de cultivo, poderanse utilizar os valores de media, correspondentes a unha área xeográfica determinada clasificada no nivel NUTS 2, que se recollen nos informes mencionados na letra b) do número anterior ou no nivel NUTS 3 ou no nivel NUTS 4 que se recollen nas partes A ou B, respectivamente, do anexo II.

Artigo 6. Formas de demostrar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade para os biocarburantes e biolíquidos.

Para que os biocarburantes e biolíquidos se poidan ter en conta para os fins previstos no artigo 3.1, os axentes económicos deberán demostrar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade enunciados nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 por algunha destas tres formas, ou unha combinación delas:

1. Acolléndose ao procedemento de verificación descrito neste real decreto e nas súas normas de desenvolvemento, que conforman o Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade.

2. Acolléndose a un sistema voluntario recoñecido pola Comisión Europea para este fin.

3. De conformidade coas condicións dun acordo bilateral ou multilateral celebrado pola Unión Europea con países terceiros, sempre que a Comisión Europea recoñecese que ese acordo demostra que os biocarburantes e biolíquidos obtidos a partir de materias primas cultivadas neses países cumpren cos criterios de sustentabilidade.

Artigo 7. Método de control da rastrexabilidade das características de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos ao longo da cadea de produción e comercialización.

1. Como método de control da rastrexabilidade das características de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos ao longo da cadea de produción e comercialización e co fin de poder verificar o cumprimento de cada un dos criterios de sustentabilidade enunciados nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 4, os axentes económicos deberán utilizar un sistema de balance de masa que:

a) Permita mesturar partidas de materias primas ou biocarburantes e biolíquidos con características diferentes de sustentabilidade.

b) Exixa a información relativa ás características de sustentabilidade ambiental e ao volume de cada unha das partidas a que se refire a letra a), para que permanezan asociadas á mestura.

c) Prevexa que a suma de todas as partidas retiradas da mestura teña as mesmas características de sustentabilidade, nas mesmas cantidades, que a suma de todas as partidas engadidas á mestura.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos ambientais e agrarios mencionados no número 5 do artigo 4 realizarase mediante os sistemas administrativos e de control utilizados polos Estados membros da Unión Europea, de acordo co previsto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009.

CAPÍTULO III

Sistema nacional de verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos

Artigo 8. *Elementos do sistema nacional de verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos.*

1. O sistema nacional de verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos está constituído polo conxunto de entidades, usuarios, suxeitos obrigados, procedementos e documentos establecidos co fin de verificar a sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos nos termos indicados no artigo 4.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio é a entidade de supervisión do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade, para o cal levará a cabo as funcións de aplicación e desenvolvemento normativo, segundo o disposto na disposición adicional única e na disposición derradeira terceira, e a supervisión das entidades de verificación.

3. A Comisión Nacional de Enerxía é a entidade de certificación responsable da expedición de certificados de consumo e venda de biocarburantes, segundo o disposto na Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro.

4. As entidades de verificación da sustentabilidade son as encargadas de realizar o informe de verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos a que fai referencia o artigo 11.1.c) deste real decreto. Estas entidades deberán estar acreditadas para este fin pola ENAC ou por calquera organismo nacional de acreditación designado por outro Estado membro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 765/2008 e que superase a avaliación entre pares descrita en tal regulamento.

5. Os usuarios do sistema nacional son os axentes económicos integrados na cadea de produción e comercialización de biocarburantes e biolíquidos, detallados no artigo 9.

6. Os suxeitos obrigados a presentar información para os fins previstos nas sublíneas a) e b) do artigo 3.1 son os axentes económicos descritos no artigo 10.

7. Os documentos e os procedementos de funcionamento do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos desenvolveranse de acordo co disposto na disposición adicional única.

Artigo 9. *Axentes económicos integrados na cadea de produción e comercialización de biocarburantes e biolíquidos.*

Os axentes económicos integrados na cadea de produción e comercialización de biocarburantes e biolíquidos ata o consumidor final, cuxas instalacións e produtos estarán suxeitos a inspección e control no marco do sistema nacional de verificación do cumprimento dos criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, serán os seguintes:

1. Agricultores, cooperativas e outras figuras asociativas de produtores e comercializadores de materias primas vexetais para a produción de biocarburantes e biolíquidos.

2. Recolletores, transformadores e comercializadores de materias primas para a produción de biocarburantes e biolíquidos, así como os produtores de aceites de cociña usados, con excepción dos fogares, e os xestores de tales residuos.

3. Produtores e comercializadores de biocarburantes e biolíquidos.

4. Titulares de instalacións de loxística ou de mestura de produtos petrolíferos, biocarburantes ou biolíquidos.

5. Suxeitos obrigados á venda ou consumo de biocarburantes, establecidos no artigo 2 do Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan os obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013.

Artigo 10. *Suxeitos obrigados a presentar información para os fins previstos nas subalíneas a) e b) do artigo 3.1.*

Os suxeitos obrigados a presentar información para demostrar que os biocarburantes e biolíquidos cumpren os criterios de sustentabilidade enunciados no artigo 4 deste real decreto son os seguintes:

- a) Os suxeitos obrigados á venda ou consumo de biocarburantes, da letra e) do artigo anterior, para os fins previstos nas subalíneas a) e b) do artigo 3.1.
- b) Os axentes económicos do artigo anterior que poñan ao dispor do consumidor final biolíquidos que deban demostrar que cumpren os criterios de sustentabilidade para o fin previsto na subalínea b) do artigo 3.1.

Artigo 11. *Información que se debe presentar para a verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, para os fins previstos nas subalíneas a) e b) do artigo 3.1.*

1. Os suxeitos establecidos no artigo 10 deberán presentar á Comisión Nacional de Enerxía, na medida en que existan obrigas ou obxectivos de venda ou consumo, polo menos a seguinte información e documentación, coa periodicidade e forma que se determine, segundo o disposto na disposición adicional única:

- a) Identificación da partida, o tipo de biocarburante ou biolíquido de que se trata, o seu volume, as materias primas utilizadas e os países de primeira orixe tanto destas últimas coma do propio biocarburante ou biolíquido.

- b) Para cada un dos criterios de sustentabilidade, indicarse se o seu cumprimento se ampara no sistema nacional previsto neste real decreto, nun réxime voluntario recoñecido pola Comisión Europea, nun acordo bilateral ou multilateral celebrado pola Unión Europea con países terceiros, ou nunha combinación destas alternativas, indicando nos tres últimos casos a denominación do réxime voluntario ou do acordo.

- c) Unha declaración responsable e/ou un informe de verificación da sustentabilidade, en que conste que todos e cada un dos axentes económicos do sistema aplicaron o sistema de balance de masa do artigo 7, que permite a rastrexabilidade do produto, e que se cumpriu:

- c.1) O requisito de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, indicando para cada partida a porcentaxe de redución conseguida.

Indicarse se se utilizaron para o cumprimento deste requisito os valores por defecto, parciais ou globais, recollidos no anexo I deste real decreto, os valores medios recollidos no anexo II, ou, se a materia prima foi cultivada na Unión Europea, os valores que figuran nos informes mencionados na letra b) do número 2 do artigo 5. Igualmente, mencionarse o tipo de proceso de fabricación utilizado para aqueles biocarburantes para os cales existe máis dun valor por defecto ou máis dun valor por defecto desagregado no anexo I deste real decreto, así como cando se empregue un valor real para as emisións.

En caso de que na cadea de produción dunha partida de biocarburante ou biolíquido se incluíse polo menos unha instalación de transformación que estivese xa operativa o 23 de xaneiro de 2008, segundo o previsto no número 1 do artigo 4, indicarse expresamente esa circunstancia na declaración e/ou informe e, sen prexuízo da exención temporal establecida en tal precepto, tamén se deberá indicar a correspondente información sobre redución de emisións.

Con excepción dos biocarburantes e biolíquidos obtidos a partir de refugallo ou residuos, indicarse, se se utilizou no cálculo dos gases de efecto invernadoiro a que se refire o punto 1 da parte C do anexo I:

- i. A prima recollida nos puntos 7 e 8 dese anexo.
 - ii. O factor de redución de emisións debido á acumulación de carbono no solo grazas a unha mellora da xestión agrícola a que se refire o punto 1 e 14 de tal anexo.

c.2) Os requisitos relativos ao uso da terra recollidos nos números 2, 3 e 4 do artigo 4 deste real decreto.

c.3) Os requisitos do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, a que se refire o número 5 do artigo 4.

En caso de que o biocombustible ou biolíquido se produza a partir de refugallo e/ou residuos, con excepción dos residuos agrícolas, da acuicultura, pesqueiros e forestais, non se deberán incluír os requisitos c.2) e c.3), circunstancia que se indicará expresamente no informe e/ou declaración.

d) Información sobre aspectos sociais e ambientais suplementarios que se determinen segundo o disposto na disposición adicional única.

2. No caso das partidas de biocombustibles e biolíquidos vendidos ou consumidos que fosen xa certificados no marco dun sistema voluntario recoñecido pola Comisión Europea ou se acollan ao disposto nun acordo bilateral ou multilateral celebrado por esa Comisión, o informe mencionado no punto 1.c) deste artigo deberá acreditar unicamente a realización de tal certificación ou acordo, sen se ter que verificar de novo o cumprimento dos criterios de sustentabilidade e o correcto funcionamento do sistema de balance de masa, salvo que algún destes aspectos non fose verificado no marco do citado sistema voluntario ou acordo.

3. Co fin de permitir a rastrexabilidade de toda esta información ao longo da cadea de produción, todos os axentes económicos do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade dos biocombustibles e biolíquidos deberán dispor dun sistema auditable para as probas relacionadas coas declaracións que fagan ou en que se baseen, que permita demostrar, de ser o caso, o cumprimento dos criterios de sustentabilidade mencionados nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 deste real decreto, e deberán manter esas probas durante un período mínimo de cinco anos.

4. O director xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional de Enerxía poderán solicitar aos axentes económicos información suplementaria.

5. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas transmitirá a información recollida neste artigo de forma agregada á Comisión Europea, para a súa publicación na plataforma de transparencia, de forma resumida e protexendo a confidencialidade da información comercial sensible.

6. Para que os biocombustibles e biolíquidos vendidos ou consumidos se teñan en conta para os fins previstos nas subalíneas c) a f) do artigo 3.1, os axentes económicos obrigados en cada caso deberán presentar á autoridade competente a información que se determine na normativa correspondente.

Artigo 12. *Inspección do cumprimento dos requisitos de sustentabilidade dos biocombustibles e biolíquidos polos axentes económicos do sistema.*

1. A Secretaría de Estado de Enerxía, a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión Europea, por instancia do Goberno da Nación ou por iniciativa propia, poderán en calquera momento inspeccionar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade recollidos no artigo 4 deste real decreto, a correcta aplicación do sistema de balance de masa e a veracidade da información achegada polos axentes económicos, e solicitar, de ser o caso, canta información sexa necesaria, para verificar se os biocombustibles e biolíquidos se poden ter en conta para os fins previstos nas subalíneas a) e b) do artigo 3.1.

No caso dos axentes económicos que se acollisen a un sistema voluntario recoñecido pola Comisión Europea ou a un acordo bilateral ou multilateral celebrado pola Unión Europea con países terceiros, a citada inspección só terá por obxecto comprobar a realización desa certificación, sen ter que inspeccionarse o cumprimento dos criterios de sustentabilidade cubertos polo citado sistema voluntario.

2. En caso de se comprobar a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se xunte ou incorpore á declaración responsable ou aos informes, así como o incumprimento dos requisitos

exixidos neste real decreto para aqueles biocarburantes e biolíquidos que se destinen aos fins recollidos no artigo 3 deste real decreto, será de aplicación, cos efectos e sancións que procedan, unha vez incoado o correspondente expediente sancionador, o título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Artigo 13. *Auditorías de grupo.*

No caso de pequenos agricultores, cooperativas e outras figuras asociativas de produtores, para demostrar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, poderanse realizar auditorías de grupo nos seguintes casos:

1. Para o cumprimento dos criterios de sustentabilidade relacionados coa terra, cando as zonas de que se trata son próximas e presentan características similares.
2. Para calcular a redución dos gases de efecto invernadoiro, cando os sistemas de produción e os produtos obtidos son similares.

CAPÍTULO IV

Biocarburantes que contabilizan o dobre

Artigo 14. *Biocarburantes que contabilizan o dobre.*

1. Para demostrar o cumprimento das obrigas de consumo e venda de biocarburantes con fins de transporte, as obrigas impostas aos suxeitos obrigados en materia de enerxías renovables e o obxectivo establecido para a utilización da enerxía procedente de fontes renovables en todas as formas de transporte, a contribución, en termos enerxéticos, dos biocarburantes obtidos a partir de refugallos, residuos, materias celulósicas non alimentarias e material lignocelulósico considerárase que equivale ao dobre da doutros biocarburantes.

2. Cando os biocarburantes se produzan só parcialmente a partir dalgunha das substancias ou materiais mencionados no número anterior, só se aplicará a dobre contabilización á parte física do biocarburante fabricado a partir desas substancias ou materiais.

3. Para a contabilización dos biocarburantes para os efectos do disposto neste artigo, as materias primas ou o biocarburante correspondente deberán ir acompañados da información e documentación que demostre a súa procedencia e orixe, na forma e coa periodicidade que a Comisión Nacional de Enerxía estableza mediante circular.

Disposición transitoria única. *Período transitorio para a verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos.*

1. Establécese un período transitorio para a verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, que durará desde a entrada en vigor deste real decreto ata a aprobación das disposicións necesarias para o desenvolvemento do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, segundo o previsto nos puntos 1.a) e 1.b) da disposición derradeira terceira e a aprobación das disposicións necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto, segundo o previsto nos números 3 e 5 da mesma disposición. Neste período será de aplicación o disposto nos números 2 a 5 desta disposición transitoria.

2. Os suxeitos obrigados a presentar información segundo o disposto no artigo 10, na medida en que existan obrigas ou obxectivos de vendas ou consumos, deberán enviar á Comisión Nacional de Enerxía, coa periodicidade e forma que esta determine nas circulares que dite para o efecto, polo menos a información indicada nas letras a), b) e c) do número 1 do artigo 11, a partir do 1 de xaneiro de 2013, respecto dos biocarburantes e biolíquidos vendidos ou consumidos a partir desta mesma data.

Porén, o informe de verificación da sustentabilidade da sublínea c) dese artigo será substituído por unha declaración responsable de cada un dos axentes económicos do artigo 9, segundo o modelo aprobado mediante circular da Comisión Nacional de Enerxía, en que conste:

i. Que se aplicou o sistema de balance de masa do artigo 7, que permite a rastrexabilidade do produto.

ii. Que se cumpren os criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos.

No caso de que as partidas de biocarburantes e biolíquidos vendidas ou consumidas fosen certificadas no marco dun sistema voluntario recoñecido pola Comisión Europea ou se acollan ao disposto nun acordo bilateral ou multilateral celebrado por esa Comisión, na declaración responsable deberase indicar tal aspecto e a denominación do réxime voluntario ou acordo aplicado.

3. A Comisión Nacional de Enerxía determinará mediante circular as regras e condicións que deberá observar cada un dos axentes económicos para a aplicación do balance de masa, e poderá considerar, en caso necesario, regras específicas para determinados axentes tendo en conta as especificidades destes, as características propias do sistema de distribución de carburantes en España e os requirimentos das directivas 2009/28/CE e 2009/30/CE. As circulares que a Comisión Nacional de Enerxía emita para o cumprimento desta disposición faranse públicas ao menos dous meses antes da entrada en vigor das obrigas de remisión de información contidas nela.

4. Os axentes económicos do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos deberán dispor dun sistema auditable das probas relacionadas coas declaracións que fagan ou nas cales se baseen, mantendo calquera proba durante un mínimo de cinco anos, e adoptar as medidas necesarias para garantir un nivel adecuado de auditoría independente da información que presenten e demostrar, en caso de que sexa requirido, que a levaron a cabo.

5. As circulares referidas no número 3 e as resolucións a que fai referencia o número 5 da disposición derradeira terceira deste real decreto serán de aplicación no período transitorio previsto nesta disposición, sempre que así se dispoña nelas.

6. A Comisión Nacional de Enerxía remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, antes do 1 de xullo de cada ano, un informe detallado sobre o cumprimento dos criterios de sustentabilidade durante o exercicio anterior, por parte dos suxeitos mencionados no artigo 10, para os fins previstos no número 1 do artigo 3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas terá acceso ao sistema de información para a certificación de biocarburantes (SICBIOS), xestionado pola Comisión Nacional de Enerxía.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse parcialmente ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE e a Directiva 2009/30/

CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 98/70/CE en relación coas especificacións da gasolina, do diésel e do gasóleo, se introduce un mecanismo para controlar e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, se modifica a Directiva 1999/32/CE do Consello, en relación coas especificacións do combustible utilizado polos buques de navegación interior e se derroga a Directiva 93/12/CEE.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento e aplicación.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará as disposicións necesarias para:

a) O desenvolvemento do Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, que incluírá os requisitos mínimos de organización e funcionamento que deberán cumprir as entidades de verificación, públicas ou privadas, que en todo caso deberán ser auditores externos, independentes e dispor das aptitudes xerais para o desempeño de auditorías e aptitudes específicas relacionadas cos criterios do sistema de sustentabilidade, así como as directrices para a realización das auditorías por parte de tales entidades.

b) Establecer as medidas que deben adoptar os suxeitos que utilicen o Sistema Nacional de Verificación da Sustentabilidade, para garantir un nivel adecuado de auditoría independente da información que presenten, así como o contido do informe de verificación.

c) Modificar os aspectos técnicos regulados no articulado deste real decreto.

2. O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño ditará as disposicións normativas necesarias para a definición de pequeno produtor para os efectos do disposto neste real decreto. Así mesmo, poderá ditar a normativa necesaria para incorporar aos sistemas administrativos utilizados para se asegurar da observancia dos requisitos legais de xestión e das boas condicións agrarias e ambientais, previsto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, os aspectos complementarios que permitan aos axentes indicados no artigo 9.1 demostrar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade recollidos nos números 2, 3 e 4 do artigo 4 e que permitan a rastrexabilidade do produto.

3. A Comisión Nacional de Enerxía ditará as circulares necesarias para, cumprindo cos requirimentos das directivas 2009/28/CE e 2009/30/CE, a concreción dos aspectos de carácter operativo do sistema nacional de verificación dos biocarburantes e biolíquidos, que poderán incluír:

a) O procedemento detallado de remisión da información relativa aos criterios de sustentabilidade.

b) A aplicación do sistema do balance de masa, en particular, a definición de partida, a forma de implementación de cada axente económico, o período para a realización de inventario e o lugar no cal se aplica, as regras de asignación e agregación aplicables.

c) O formato dos documentos xustificativos para demostrar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade mencionados nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 4.

d) A lista de instalacións operativas o 23 de xaneiro de 2008, como máis tarde, para os efectos do disposto no artigo 4.1.

4. O secretario de Estado de Enerxía aprobará mediante resolución unha definición ou a lista dos refugallos, residuos, materias celulósicas non alimentarias e material lignocelulósico cuxa utilización para a fabricación de biocarburantes lles permita ter valor dobre, para os efectos do previsto neste artigo.

5. O director xeral de Política Enerxética e Minas ditará, mediante resolución, as disposicións necesarias para definir con detalle os elementos do sistema de verificación da sustentabilidade necesarios para a súa posta en funcionamento, que poderán incluír, entre outros:

- a) O contido dos documentos xustificativos para demostrar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade mencionados nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 4.
- b) Os procedementos de funcionamento do sistema, entendidos estes como os mecanismos que articulan o intercambio de información entre as distintas entidades e axentes do sistema de verificación da sustentabilidade.
- c) Actualizacións do contido dos anexos deste real decreto.
- d) A modificación do período para a aplicación da prima de 29 g CO₂ eq/MJ, recollida no número 8 da parte C do anexo I.
- e) A información sobre os aspectos sociais e ambientais suplementarios que deben enviar os axentes, segundo o establecido na letra d) do número 1 do artigo 11.
- f) O recoñecemento daqueles sistemas nacionais de verificación da sustentabilidade doutros Estados membros que se consideren adecuados para demostrar que os biocombustibles e biolíquidos cumpren os criterios de sustentabilidade recollidos na normativa comunitaria.

6. As circulares referidas no número 3 e as resolucións a que fai referencia o número 5 desta disposición serán de aplicación no período transitorio previsto na disposición transitoria única, sempre que así se dispoña nelas.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

ANEXO I

Normas para calcular o impacto dos biocarburantes, dos biolíquidos e dos combustibles fósiles de referencia nas emisións de gases de efecto invernadoiro

A. Valores típicos e valores por defecto para os biocarburantes producidos sen emisións netas de carbono debidas a cambios no uso do solo

| Proceso de produción do biocarburante | Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. Valores típicos | Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. Valores por defecto |
|--|---|---|
| Etanol de remolacha azucreira | 61 % | 52 % |
| Etanol de trigo (combustible de proceso non especificado) | 32 % | 16 % |
| Etanol de trigo (lignito como combustible de proceso en instalacións de coxeración). | 32% | 16 % |
| Etanol de trigo (gas natural como combustible de proceso en caldeira convencional) | 45 % | 34 % |
| Etanol de trigo (gas natural como combustible de proceso en instalacións de coxeración) | 53 % | 47 % |
| Etanol de trigo (palla como combustible de proceso en instalacións de coxeración) | 69 % | 69 % |
| Etanol de millo, produción comunitaria (gas natural como combustible de proceso en instalacións de coxeración) | 56 % | 49 % |
| Etanol de cana de azucre | 71 % | 71 % |
| Parte do ETBE (etil-terc-butil-éter) procedente de fontes renovables | Iguais aos do proceso utilizado de produción do etanol. | |
